

## 6 Extincións

Constantemente se están extinguindo especies; pero durante a historia da vida houbo ademais polo menos cinco momentos de desaparición de moitas especies: as **extincións masivas**.

### 6.1. A grande extinción

A extinción que afectou un maior número de especies produciuse hai 252 millóns de anos. Segundo algúns autores, daquela desapareceron a metade de todas as especies que existían na Terra.


Discutiuse moito sobre as causas desta extinción, pero o único seguro é que nesa época non caeu ningún asteroide. A hipótese máis recente achácaa a unha catástrofe por **anoxia** (falta de osíxeno na auga mariña) provocada, á súa vez, polo quecemento da atmosfera tras unha longa etapa de intenso vulcanismo [Figura 3.29].

Adóitasele chamar **efecto dominó** a unha alteración que causa outras en cadea, como cando as fichas deste xogo se fan caer unha tras outra. O efecto dominó de hai 252 millóns de anos é este:

Vulcanismo → Quecemento → Anoxia → Extinción masiva

Este exemplo alértanos sobre os riscos que supoñen para a biosfera os cambios de temperatura na atmosfera [Figura 3.30].

Figura 3.30. Idades xeolóxicas. Gráfica das cinco grandes extincións.



### ACTIVIDADES

- 8 Observa a gráfica e responde. Se a temperatura inicial é de 15 °C, que ocorre coa solubilidade do osíxeno se a temperatura aumenta 10 °C máis?




Figura 3.29. Gráfica que representa a solubilidade do osíxeno en función da temperatura.